

Disposición derradeira primeira. *Regulación dos requisitos formais necesarios para garantir a mobilidade dos alumnos.*

O Ministerio de Educación e Ciencia regulará aqueles aspectos necesarios para garantir a mobilidade dos alumnos.

Disposición derradeira segunda. *Modificación de determinados aspectos que se regulan no Real decreto 320/2000, do 3 de marzo.*

Modifícase o punto 7 do anexo II do Real decreto 320/2000, do 3 de marzo, polo que se establecen os títulos de técnico deportivo e técnico deportivo superior nas especialidades de fútbol e fútbol sala, se aproban as correspondentes ensinanzas mínimas e se regulan as probas e os requisitos de acceso a estas ensinanzas, que queda redactado como segue:

«1. Para o acceso ás ensinanzas de técnico deportivo superior en fútbol e de técnico deportivo superior en fútbol sala, será necesario acreditar a experiencia adquirida logo de que se obtivo o título de técnico deportivo, como adestrador titular de equipos que participen, durante polo menos unha temporada, en: terceira división, categoría rexional preferente, categoría rexional ordinaria, liga nacional xuvenil, ou en competicións das categorías xuvenil, cadete, infantil, alevín ou benxamín.

2. A acreditación de tal experiencia realizarase mediante certificado expedido pola Real Federación Española de Fútbol ou pola Federación Autonómica de Fútbol que corresponda.

3. En todo caso, para a acreditación a que se refire a alínea a) só se contabilizarán as competicións promovidas pola Real Federación Española de Fútbol ou polas respectivas federacións autonómicas de fútbol.

4. A temporada considerarase completada cando se acredite o cumprimento das funcións de forma ininterrompida durante un tempo mínimo de seis meses, ou se é o caso, de 183 días.»

Disposición derradeira terceira. *Modificación de determinados aspectos que se regulan no Real decreto 318/2000, do 3 de marzo.*

Para as ensinanzas a que se refire o Real decreto 318/2000, do 3 de marzo, polo que se establecen os títulos de técnico deportivo e técnico deportivo superior nas especialidades dos deportes de montaña e escalada, se aproban as correspondentes ensinanzas mínimas e se regulan as probas e os requisitos de acceso a estas ensinanzas, a relación numérica profesor/alumnos no módulo de formación técnica e metodoloxía do ensino do descenso de barrancos será de 1:4.

Disposición derradeira cuarta. *Título competencial.*

Este real decreto ten o carácter de norma básica e é de aplicación en todo o territorio nacional, coa excepción do establecido no punto 2 do artigo 24; do punto 3 do artigo 35; do punto 2 do artigo 45; e da remisión que se fai nos preceptos ás facultades das comunidades autónomas no ámbito das súas competencias, e dítase en virtude das competencias que lle atribúe ao Estado o artigo 149.1.30.<sup>a</sup> da Constitución e a disposición adicional primeira, punto 2 a) e c), da Lei orgánica 8/1985, do 3 de xullo, reguladora do dereito á educación.

Disposición derradeira quinta. *Habilitación para o desenvolvemento regulamentario.*

Habílase o ministro de Educación e Ciencia, no ámbito das súas competencias, para ditar cantas normas

sexan necesarias para o desenvolvemento e execución do previsto neste real decreto.

Disposición derradeira sexta. *Entrada en vigor.*

Este real decreto entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Dado en Madrid o 24 de outubro de 2007

JUAN CARLOS R.

A ministra de Educación e Ciencia,  
MERCEDES CABRERA CALVO-SOTELO

## MINISTERIO DE AGRICULTURA, PESCA E ALIMENTACIÓN

**19490** *REAL DECRETO 1365/2007, do 19 de outubro, polo que se modifica o Real decreto 1127/2003, do 5 de setembro, polo que se desenvolve o Regulamento (CE) n° 753/2002, da Comisión, do 29 de abril, que fixa determinadas disposicións de aplicación do Regulamento (CE) n° 1493/1999, do Consello, no que respecta á designación, denominación, presentación e protección de determinados produtos vitivinícolas. («BOE» 272, do 13-11-2007.)*

O Regulamento (CE) n° 2165/2005, do Consello, do 20 de decembro, que modifica o Regulamento (CE) n° 1493/1999, do Consello, do 17 de maio, que establece a organización común do mercado vitivinícola, incorporou a posibilidade de utilización de anacos de madeira de carballo na elaboración dos viños na lista de prácticas e tratamentos enolóxicos autorizados que recolle o punto 4 do anexo IV do regulamento modificado, aínda que supeditada a nova práctica autorizada ao establecemento de modalidades de aplicación, segundo dispón o parágrafo introdutorio dese punto 4.

Estas modalidades de aplicación establecéronse mediante o Regulamento (CE) n° 1507/2006, da Comisión, do 11 de outubro, polo que se modifican os regulamentos (CE) n° 1622/2000, (CE) n° 884/2001 e (CE) n° 753/2002, que establecen disposicións de aplicación do Regulamento (CE) n° 1493/1999, do Consello, polo que se establece a organización común do mercado vitivinícola, no referente á utilización de anacos de madeira de carballo na elaboración de viños e á designación e presentación dos viños sometidos a ese tratamento, que non é de envellecemento dos viños, senón unha técnica enolóxica.

O citado Regulamento (CE) n° 1507/2006, da Comisión, do 11 de outubro, refírese no seu preámbulo a que a utilización de anacos de madeira de carballo na elaboración do viño dálle a este un sabor a madeira similar ao do viño elaborado en barricas de carballo, o que fai que resulte difícil para o consumidor medio discernir cal deses dous métodos de elaboración foi utilizado. É necesario, por tanto, impedir que a etiquetaxe destes viños conteña termos ou expresións que lle fagan crer ao consumidor que se utilizou a barrica de carballo, o cal, ademais de confusión e posible engano ao consumidor, podería distorsionar a competencia entre produtores, procedendo establecer normas de etiquetaxe axeitadas.

Para tal fin, o mencionado Regulamento 1507/2006, engadiulle ao Regulamento (CE) n° 753/2002, da Comisión,

do 29 de abril, un número 3 do seu artigo 22 e un novo anexo X, establecendo unha serie de indicacións de uso exclusivo en viños que fosen fermentados, criados ou envellecidos soamente en recipientes de madeira de carballo, sen ningunha adición de anacos desa madeira, normas que resultaron modificadas posteriormente polo Regulamento (CE) n° 1951/2006, da Comisión, do 21 de decembro, que modifica o Regulamento (CE) n° 753/2002 sobre determinadas disposicións de aplicación do Regulamento (CE) n° 1493, do Consello, polo que se establece a organización común do mercado vitivinícola, no que atinxe a presentación dos viños tratados en recipiente de madeira, en cuxo texto se lles deixa a posibilidade aos Estados membros de aprobar outras indicacións equivalentes.

Vista esa posibilidade, considérase importante modificar o Real decreto 1127/2003, do 5 de setembro, polo que se desenvolve o Regulamento (CE) n° 753/2002, da Comisión, do 29 de abril, que fixa determinadas disposicións de aplicación do Regulamento (CE) n° 1493/1999, do Consello, no que respecta á designación, denominación, presentación e protección de determinados produtos vitivinícolas, incluíndo no seu articulado as mencións relativas ao envellecemento que se indican no artigo 3 da Lei 24/2003, do 10 de xullo, da viña e do viño.

Ademais, mediante a disposición adicional única habilítase para que nas normas regulamentarias dos viños de calidade producidos en rexións determinadas e dos viños con indicación xeográfica cuxo ámbito xeográfico sexa superior ao dunha comunidade autónoma se poida prohibir a práctica enolóxica de emprego de anacos de madeira de carballo na elaboración dos seus viños, aplicando o contido do artigo 42.4 do Regulamento (CE) n° 1493/1999, do Consello, do 17 de maio. Para o caso de que o ámbito xeográfico non exceda unha comunidade autónoma, será a propia comunidade competente a que decida sobre esta cuestión.

Na elaboración deste real decreto foron consultadas as comunidades autónomas e os sectores afectados.

Na súa virtude, por proposta da ministra de Agricultura, Pesca e Alimentación, de acordo co Consello de Estado e logo de deliberación do Consello de Ministros na súa reunión do día 19 de outubro de 2007,

## DISPONGO:

**Artigo único.** *Modificación do Real decreto 1127/2003, do 5 de setembro, polo que se desenvolve o Regulamento (CE) n° 753/2002, da Comisión, do 29 de abril, que fixa determinadas disposicións de aplicación do Regulamento (CE) n° 1493/1999, do Consello, no que respecta á designación, denominación, presentación e protección de determinados produtos vitivinícolas.*

O Real decreto 1127/2003, do 5 de setembro, polo que se desenvolve o Regulamento (CE) n° 753/2002, da Comisión, do 29 de abril, que fixa determinadas disposicións de aplicación do Regulamento (CE) n° 1493/1999, do Consello, no que respecta á designación, denominación, presentación e protección de determinados produtos vitivinícolas, modifícase do seguinte xeito:

Un. Engádese un artigo 12 bis co seguinte contido:

«Artigo 12 bis. *Indicacións equivalentes ás sinaladas no anexo X do Regulamento 753/2002, da Comisión, do 29 de abril.*

De conformidade co establecido no artigo 22.3 do Regulamento (CE) n° 753/2002, da Comisión, do 29 de abril, e para o caso dos viños de mesa con dereito á mención tradicional «viño da terra» e dos viños de calidade producidos en rexión determinada (v.c.p.r.d.), poderanse utilizar as indicacións «nobre» e «anello», definidas no artigo 3.a) da Lei 24/2003, do

10 de xullo, da viña e do viño, e as de «barrica» e «carballo», definidas no anexo IV deste real decreto, ademais das autorizadas no anexo X do citado regulamento. As indicacións «nobre», «anello» e «carballo» poderanse utilizar para designar viños fermentados, criados ou envellecidos en recipientes de madeira de carballo. A indicación «barrica» poderá designar viños fermentados, criados ou envellecidos en recipientes de calquera outra especie de madeira.

Estas indicacións non se poderán utilizar para designar viños elaborados con axuda de anacos de madeira de carballo, mesmo cando se empregasen tamén neses procesos recipientes de madeira de carballo, ou doutras especies no caso da mención «barrica».

Dous. Engádese un artigo 16 bis coa seguinte redacción:

«Artigo 16 bis. *Indicacións equivalentes ás sinaladas no anexo X do Regulamento 753/2002, da Comisión, do 29 de abril.*

De conformidade co establecido no artigo 22.3 do Regulamento (CE) n° 753/2002, da Comisión, do 29 de abril, e para o caso dos viños tranquilos de calidade producidos en rexión determinada (vtcprd), poderanse utilizar as mencións tradicionais complementarias «crianza», «reserva» e «gran reserva» definidas no artigo 3.b) da Lei 24/2003, do 10 de xullo, ademais das autorizadas no anexo X do citado regulamento, para designar viños fermentados, criados ou envellecidos en barricas de madeira de carballo.

Estas indicacións non se poderán utilizar para designar viños elaborados con axuda de anacos de madeira de carballo, mesmo cando se empregasen tamén neses procesos barricas de madeira de carballo».

Disposición adicional única. *Utilización de anacos de madeira de carballo para a elaboración dos viños.*

En cada un dos regulamentos dos viños de calidade producidos en rexións determinadas e dos viños con indicación xeográfica de ámbito superior ao dunha comunidade autónoma, poderase establecer a prohibición da utilización de anacos de madeira de carballo na elaboración dos viños.

Disposición derradeira primeira. *Título competencial.*

Este real decreto dítase ao abeiro do previsto no artigo 149.1.13.<sup>a</sup> da Constitución, que lle atribúe ao Estado a competencia exclusiva sobre bases e coordinación da planificación xeral da actividade económica.

Disposición derradeira segunda. *Habilitación.*

Facúltase o ministro de Agricultura, Pesca e Alimentación para que, no ámbito das súas competencias, adopte cantas disposicións e medidas sexan necesarias para o desenvolvemento e a aplicación deste real decreto.

Disposición derradeira terceira. *Entrada en vigor.*

Este real decreto entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Dado en Madrid o 19 de outubro de 2007.

JUAN CARLOS R.

A ministra de Agricultura, Pesca e Alimentación,  
ELENA ESPINOSA MANGANA